

O Equipo de Ciclo de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe San Vicenzo, pon á vosa disposición un conxunto de actividades variadas, que atenden a diferentes temáticas, intereses, motivacións, e que por suposto teñen un carácter voluntario para o alumnado.

Semanalmente seguiremos esta liña co afán de ir avanzando neste terceiro trimestre que acaba de comezar. As temáticas que empregaremos para distribuír as actividades son: talleres, cociña, ciencia, natureza, yoga, conmemoracións, arte, contos, etc., Cada semana enviarase unha batería de propostas vinculadas con algunhas destas temáticas, sempre co afán de facilitarvos a estadia nos fogares, e non de saturarvos.

O Equipo de Ciclo de Educación Infantil agarda que vos resulten de interese!

TALLER

“Facemos plastilina na casa”

A plastilina, como xa sabedes, é un recurso que habitualmente gusta moito aos nenos e nenas, e ademais é moi sinxela de elaborar na casa, empregando ingredientes que habitualmente temos na cociña. Para facer a plastilina na casa, temos dúas opcións:


OPCIÓN 1	OPCIÓN 2
<ul style="list-style-type: none">• 3 Tazas de fariña• 1 Taza de sal fina (canto máis fina mellor)• 1 Taza de auga• 2 culleres de aceite• Colorante alimentario (opcional)	<ul style="list-style-type: none">• 1 taza de acondicionador de pelo• 2 tazas de maicena• Colorante alimentario (opcional)
<i>Para medir os ingredientes, é importante que empreguedes a mesma taza, ou unha similar que conteña a mesma cantidade. Esta opción é máis duradeira, porque o sal permite conservala por máis tempo.</i>	<i>Esta opción, ao non levar sal, non se conserva durante tanto tempo, pero a textura asemella máis á da plastilina orixinal.</i>



Ollo! É importante que os nenos e nenas participen na elaboración da plastilina, e non só no xogo e manipulación posterior.

Para levar a cabo a actividade, é importante:

1. Que laven as mans
2. Para facer distintas cores de plastilina, dividir os ingredientes en diferentes recipientes.
3. É importante que os nenos/as midan, comprobemos as súas medidas, vaian identificando os pasos da receita, etc.
4. Para comezar a mesturar, podemos empregar un batedor. Logo, empregaremos as mans.
5. Se a masa está moi pegañenta, podemos engadir máis maicena ou fariña.
6. Despois de elaborar a plastilina, hai que limpar e fregar todos os utensilios empregados.
7. Unha vez temos todo en orde, podemos xogar libremente, lembrando, que non se pode meter na boca!





COCIÑA

“CORAZÓNS RECHEOS”

INGREDIENTES:

- PAN DE MOLDE.
- ANACOS DE XAMÓN (DE PAVO, POLO, QUEIXO...).
- ANACOS DE QUEIXO.
- ROLO DE AMASAR.

ELABORACIÓN:

1. QUITAMOS A CODIA, DE DOUS PANS, AO REDOR E APLANAMOS ALGO CO ROLO DE AMASAR.
2. FACÉMOSLLE A FORMA DO CORAZÓN, BEN CUN MOLDE OU CORTANDO CO COITELO.
3. METEMOS OS ANACOS DE XAMÓN E QUEIXO NO MEDIO DAS DÚAS REBANADAS.
4. PECHAMOS O CORAZÓN, PREMENDO CUN GARFO COMA SE FOSE UNHA EMPANADIÑA.
5. PÓDESE COMER EN FRÍO OU METELO UNS MINUTIÑOS NO FORNO OU NO MICROONDAS PARA DERRETER O QUEIXO.
6. A COMER CON MOITAS GANAS!





CIENCIA

A FRECHA QUE CAMBIA DE DIRECCIÓN

- UN EXPERIMENTO SOBRE A REFRACCIÓN DA LUZ



MATERIAIS:

- UN VASO DE VIDRO
- AUGA
- UN PAPEL CO DEBUXO DUNHA FRECHA

PROCEDEMENTO:

DEBUXADE UNHA FRECHA HORIZONTAL NO PAPEL, E ENCHEDE POUCO A POUCO O VASO CON AUGA. SEN PERDER DE VISTA O VASO, SUXEITADE O PAPEL DETRÁS DE ESTE E MOVÉDEO LENTAMENTE CARA ATRÁS. OBSERVADE O QUE SUCEDE COA FRECHA A MEDIDA QUE MOVEDES O PAPEL. NOTAREDES, QUE AO ALCANZAR CERTA DISTANCIA, A FRECHA PARECE APUNTAR NA DIRECCIÓN CONTRARIA.

SE REPETIDES OS MESMOS PASOS PERO SEN AUGA, OBSERVAREDES QUE NON SE PRODUCEN CAMBIOS NA DIRECCIÓN QUE APUNTA A FRECHA.



NATUREZA

“COIDAMOS DA NOSA PLANTIÑA”


Coa chegada da primavera, ter en conta a natureza e percibir os cambios que nela van sucedendo, pode ser unha actividade moi enriquecedora para os cativos e cativas. Deste modo, animámosvos a plantar unha faba ou unhas lentellas, e convidámosvos a que nos enviades fotos do ben que coidades a vosa planta, de como esta vai medrando, cambiando, etc.


Para levar a cabo a actividade:

MATERIAIS:

- Un vasiño de iogur
- Un poquiño de algodón
- Auga
- Luz do sol
- Semente: lentellas ou fabas


PROCEDEMENTO:





SACAMOS LA SEMILLA GERMINADA DE ENTRE
LOS ALGODONES Y LA METEMOS EN LA TIERRA,
DEJANDO LAS HOJAS FUERA

3



para que la planta crezca fuerte necesita : mucha agua y luz



4



IOGA



COMO PREPARARNOS

1. Necesitamos roupa cómoda que nos permita movernos correctamente (chándal, mallas, pantalón curto, camiseta, ...).
2. Buscamos na casa un lugar axeitado para realizar os distintos exercicios, lembra que ten que ser cómodo e espazoso.
3. Poñemos música relaxante, que nos guste e nos permita concentrarnos.
4. Podemos prender algunha candeia aromática ou incenso, pero sempre coa supervisión dun adulto.
5. Colocamos unha esterilla ou alfombra, senón temos non pasa nada, facémolo sen ela.
6. Temos que utilizar calcetíns ou calzado que eviten escorregar no chan.
7. Antes de comezar o exercicio, temos que quentar as articulacións para non lesionarnos, polo que movemos de forma circular os nocellos, xeonllos, cóbados, bonecas, brazos, cadeira e pescozo durante uns minutos.

O EXERCICIO DA SEMANA

8. Antes de realizar o exercicio, hai que adivíñalo: "A Montaña".



Son tan alta coma o ceo
e ata as nubes poden chegar.
Unhas boas botas
necesitarás,
para poderme escalar.



9. Procedemos a facer a postura da "Montaña". Esta postura consiste en imitar unha montaña, xuntando os pés e levantando as mans, unindo palma con palma. Hai que poñerse o máis dereito posible e mirar cara adiante respirando profundamente (necesitamos escoitar a propia respiración cos ollos pechados). Sería ideal manter esta posición durante 30 segundos e ir aumentando o tempo gradualmente. Este exercicio axúdanos a adoptar unha postura correcta cando se está de pé. Fai sentirnos máis espertos e centrados.
10. Repetiremos esta postura tantas veces queiramos, descansando en intervalos de 30 segundos.



CONMEMORACIÓN

SEMANA DO LIBRO

DO 20 AO 24 DE ABRIL DE 2020

DÍA	CONTO	
LUNS	<p>“O Polo Pepe”</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=AY2K1A0Ln5k</p>	
MARTES	<p>“La pequeña oruga glotona”</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=h6HRpwcl9gg</p>	
MÉRCORES	<p>“Un regalo diferente”</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=6qXqfqb2lk8</p>	
XOVES	<p>“Por catro esquiñas de nada”</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=UHUZvcEc9Jk</p>	
VENRES	<p>“El cazo de Lorenzo”</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=5pUmAOTQqCg</p>	

RECOMENDACIÓN: Realizar un debuxo despois de escoitar e visualizar cada conto